

## Xacemento do Alto do Seixo

090088

### Datos de Localización

**Necrópole**

<b>Nomenclator:</b>	3203206
<b>Coord. UTM:</b>	<b>X:</b> 61141469 <b>Y:</b> 464671746
<b>Concello:</b>	Xinzo de Limia
<b>Parroquia:</b>	GUDÍN
<b>Lugar:</b>	Gudín
<b>Tipoloxía:</b>	Xacementos Arqueolóxicos
<b>Tipo:</b>	Necrópoles
<b>Subtipo:</b>	<b>Necrópole</b>
<b>Denominación:</b>	<b>Xacemento do Alto do Seixo</b>
<b>Etapa Histórica:</b>	Idade Media
<b>Estilo relevante</b>	Indeterminado



### Outros Estilos:

### Descrición:

Á altura do qm 5 da estrada que comunica Gudín con Baltar, á dereita desta, hai un camiño de terra que comunica tras uns 20m coa primeira das tumbas. No lugar existen catro zonas de sepulturas que agrupan 9 tumbas. Actualmente o terreo está cuberto por xestas. A primeira delas, mencionada anteriormente, sitúase baixo un grande penedo é trátase da máis pequena das localizadas (1,22 x 0,29) con orientación leste - oeste. Ós pés ten un pequeno furado por onde evacúa a auga. A sesenta metros con dirección noroeste existe un grupo de enterramentos composto por tres sartegos escavados no afloramento rochoso con orientación leste - oeste. O primeiro (1,64 x 0,44) de forma antropomorfa ten un resalte na cabeceira en forma de semicírculo con acanaladuras verticais formando segmentos. O enterramento contiguo atópase parcialmente cuberto pola sedimentación mentres que o terceiro (1,17 x 0,48) na parte superior ten forma redondeada e no interior adopta a antropomorfa. O terceiro grupo sitúase a 20m deste último grupo en dirección suroeste e a uns 60m ó noroeste da primeira tumba. Está composto por dúas tumbas (1,65 x 0,42 e 1,75 x 0,50) con orientación norte sur escavadas no mesmo afloramento practicamente en posición paralela. A máis ó oeste ten gravado encima da cabeceira unha cruz de brazos iguais. Segundo a ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia existe un cuarto grupo de enterramentos máis ó sur do terceiro grupo, ó oeste da primeira. Naquel momento xa se atopaban practicamente cubertos pola terra. Actualmente a densa vexetación de xestas e a sedimentación non permiten a súa localización.

### DOCUMENTACIÓN:

Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: A-14

Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do Concello de Xinzo de Limia. Clave de Identificación: GA32032014

### Características Construtivas

#### Plantas:

#### Edif. Anexas:

#### Mat. Fachada:

#### Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

## Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200m.

## Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq. ----

Grao de Protección Arq.: Grupo III

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació 0

Uso Actual: Forestal

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

## Bens Mobles









